

# razóns de peso

É tempo de arrancar, nacen as pinguelas. Unha idea, unha escritora, unha directora, unha escenógrafa, unha deseñadora de luz, unha deseñadora de vestiario, dúas actrices..... Mulleres cómplices.

Ana Punte e Chelo do Rejo son Pinguela Teatro: Anos de traballo, formación, escenarios de dentro e fóra de Galicia. Chegou a nosa hora. É tempo de arriscar cunha produción propia. E aquí está: Razóns de peso.

Vivimos nunca sociedade que marca a velocidade ata nas miradas. Non hai tempo pra observar, para coñecerse realmente, a primeira impresión pretende definirte.

"Pinguela Teatro" quixo poñer esta peza enriba dun escenario para pegar un berro, para soltar cadeas, para mostrar que as persoas están máis alá da súa imaxe. Rachar con tópicos, aprender a dar oportunidades.

Nos fixémonos unha pregunta, ¿Quereredes facérvo-la vos?:  
¿Non é acaso violencia non poder ser tal e como es?

Razóns de peso é unha comedia. Pretende achegar este tipo de problemas ó público dun xeito entretido, provocador, divertido...



“Razóns de peso” relata un momento determinante na vida de dúas mulleres, apenas unhas horas, onde se conta a historia de dúas maneiras de vivir e un padecemento común. Dúas mulleres que traballan xuntas dende hai anos pero que apenas se coñecen e que se miraron sempre a través dos prexuízos. Pero de súpeto, acontece algo que desbarata todo e as fai coincidir na oficina... fóra de horas de oficina.

Celia Paredes, secretaria do Director Xeral, acaba de ser nomeada Xerente dunha sucursal que a empresa abrirá en Roma; Laura García, titular do Departamento de Marketing e Aspirante tamén á xerencia da sucursal, non encaixa a decisión. Cegada pola ira e seguindo un impulso impropio dela, decide tomar medidas drásticas ó respecto.



# FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

REPARTO: Celia.....Chelo do Rejo.

Laura..... Ana Puente.

AUTORA TEXTO: Clara Gayo.

DIRECTORA: Anabell Gago.

AXDTE. DIRECCIÓN: Lorena Conde.

DESEÑO VESTIARIO: Mónica Sueiro.

CONFECCIÓN VESTIARIO: Carmen Corredera.

DESEÑO ESCENOGRAFÍA: Lorena Conde

DESEÑO ILUMINACIÓN: Xoana Pintos.

DESEÑO GRÁFICO: Elecé.

FOTOGRAFÍA: C. Carballo.

PRODUCCIÓN: Pínguela Teatro.

DISTRIBUCIÓN: Coperactiva Cultural.



# NECESIDADES TÉCNICAS

## Espazo escénico:

- 5 m de fondo mínimo
- 8 m de boca mínimo
- CÁMARA NEGRA DE FONDO

## Iluminación:

- 24 CANALES DE DIMMER
- 30.000 w de potencia
- MESA DE LUCES
- Focos con portafiltros:
  - 12 PC
  - 12 PAR64
  - 6 RECORTES
  - 1 STROBOS(luz estroboscópica)
  - 1 PUNTO DE LUZ EN ESCENA (enchufe)

## Son:

- 500 W. POR CANAL
- 2 MONITORES 500 W.
- MESA DE SEIS CANALES
- 2 LECTORES CD.

Responsábel técnico  
Xoana: 659 212 377



RAZÓNS DE PESO na prensa




Distribúe



**COPERACTIVA CULTURAL**

 [www.culturactiva.org](http://www.culturactiva.org)

 [info@culturactiva.org](mailto:info@culturactiva.org)

 981 582 836